

Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado



The Sounds of English
/ʊ/ /u:/
Minimal Pairs
/ʊ/ vs /u:/'

Phonetics

MÓNICA MONTERO PARCERO
BAUTISTA RAMOS SAIÑAS



PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

1. - INTRODUCCIÓN:

"*Phonetics: /ʊ/ vs /u:/*" é unha unidade didáctica creada por Mónica Montero Parcero e Bautista Ramos Saíñas durante un período de licenza por estudos concedida pola consellería de educación da Xunta de Galicia para o curso 2021-22.

Destinatarios: Como a fonética é un tema que se trata en diversos cursos, esta unidade pode ser empregada en calquera dos cursos de secundaria e bacharelato.

Materias, contidos e competencias básicas: abrangue contidos propios das áreas de Lingua Inglesa. A unidade céntrase na mellora da pronunciación e o coñecemento destes dous sons en lingua inglesa.

Esta unidade pretende contribuír á adquisición das seguintes competencias clave:

- **Comunicación Lingüística:** o conxunto das actividades interactivas e multimedia presentes nesta unidade van encamiñadas a mellorar tanto a comprensión como a expresión oral en lingua inglesa
- **Competencia dixital:** a unidade preséntase en formato dixital e require do alumnado aprender a manexarse cunha certa soltura.
- **Conciencia e expresións culturais:** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia de falar correctamente unha lingua estranxeira.
- **Aprender a Aprender:** o subapartado "Guide" dentro de cada son, pretende que o alumnado a use como boa práctica de aprendizaxe.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** responsabilizándose da elaboración das tarefas propostas na unidade con confianza, creatividade e sentido crítico.

A unidade divídese en 6 apartados fundamentais:

- THE SOUNDS OF ENGLISH: Esta sección presenta todos os sons da lingua inglesa. Premendo en cada son, veremos unha palabra que contén ese son e podemos escoitar a palabra pronunciada correctamente.
- THE /ʊ/ SOUND: Guía didáctica, e actividades interactivas con palabras pronunciadas co citado son.
- THE /u:/ SOUND: Guía didáctica, e actividades interactivas con palabras pronunciadas co citado son.
- MIXED-UP SOUNDS: Diversas actividades interactivas cos dous sons mesturados.

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

- **MINIMAL PAIRS:** Os pares mínimos son palabras que difiren entre si nun son. Neste caso os dous sons traballados. Por exemplo Ful: /fʊl/ e Fool: /fu:l/.
- **GAME-BASED LEARNING:** Breakout dixital como resumo final do traballado na unidade.

Ámbito: baséase fundamentalmente no uso do ordenador cun navegador web recente como Mozilla Firefox, Chrome, Opera, Maxthon ou Safari como soporte básico de toda a unidade.

Temporalización: pensada para traballar tanto na casa como na clase, ocupa dúas / tres sesións. Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización de traballo coa fonética.

Interface: moi sinxela, baseada nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal se pode acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir dun enlace externo, por exemplo as guías de consulta, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna, ou reproducir / parar e volver ás actividades.

A continuación ten unha descrición dos apartados presentes nesta Unidade Didáctica:

1.- THE SOUNDS OF ENGLISH:

1.1 Chart:

Nesta sección preséntanse todos os sons da lingua inglesa (vogais, consonantes e ditongos). Ao premer en cada un dos sons, amósase unha palabra que conteña dito son, resaltando en vermello un exemplo cunha letra ou combinación de letras que contén ese son. Ademais, escoitarase esa mesma palabra pronunciada:

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/'

Click to learn the sounds of the phonetic symbols:

/æ/	/ɑ:/'	/ʌ/	/ə/	/e/	bird	/ɪ/
/i:/'	/ɒ/	/ɔ:/'	/ʊ/	/u:/'	/aɪ/	/aʊ/
/eə/	/eɪ/	The sounds of English			/ɪə/	/ɔɪ/
/əʊ/	/ɒ/				/t/	/k/
/s/	/ʃ/	/tʃ/	/θ/	/f/	/b/	/d/
/g/	/dʒ/	/h/	/l/	/m/	/n/	/ŋ/
/r/	/ʒ/	/ð/	/v/	/w/	/j/	/z/

1.2: Strong vs Weak Forms:

Nesta sección temos unha breve introdución ao uso das formas fortes e débiles para que o alumnado vaia familiarizándose co seu uso e a pronunciación soe un pouco máis natural. Na primeira páxina atopan unha explicación:

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/'

Start ▾ The sounds of English ▾ The /u:/ sound ▾ The /u:/ sound ▾ Mixed-up sounds ▾ Minimal Pairs ▾ Game-Based Learning ▾

A SHORT INTRODUCTION TO STRONG AND WEAK FORMS:

When we speak English, we need to remember that some words are stressed when we speak, while others are not. So, let's learn about the **strong** and **weak** pronunciation forms of words in English. Let's start by saying that in English we can distinguish between **content words** and **function words**. Content words include *nouns, main verbs, adjectives, adverbs, question words and negative auxiliaries*. These words are always **strong**, which means they always receive stress in the sentence. On the contrary, function words (*articles, prepositions, conjunctions, relatives, pronouns, auxiliaries, possessive adjectives and modal verbs*) are usually **weak** or **unstressed**, meaning they are usually pronounced with the /ə/ sound.



For example, the sentence: "**Tell them to go**" should be pronounced: /tɛll ðəm tə ɡəʊ/
Tell and *go* are main verbs, therefore they are stressed (strong forms); whereas *them* and *to* should be pronounced with the weak form because they are usually unstressed when pronounced inside a sentence.

We should take into account that a function word can become strong in some cases:
1.- when they are found at the end of the sentence.
*Who are you listening **to**?* In this example **to** should be pronounced with the strong form (/tu:/) because it is at the end of the sentence.

An auxiliary verb becomes strong in these situations:
a) when it is used in the negative form:
Tom **can't** speak English.

b) When we use double stress for emphasis:
I **do** know how to play chess.

c) In time contrasts:
My laptop **was** on the table, but it **isn't** there now.

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

Premendo nas frechas para continuar atoparán 3 exercicios diferentes para entender cando usar unha forma e cando outra:

The screenshot shows a web-based exercise interface. At the top, there is a green header with the title 'PHONETICS /ʊ/ vs /u:/' in white text. Below the header is a navigation bar with several dropdown menus: 'Start', 'The sounds of English', 'The /ʊ/ sound', 'The /u:/ sound', 'Mixed-up sounds', 'Minimal Pairs', and 'Game-Based Learning'. The main content area has a white background and contains the instruction: 'Content words or Function words? Classify these words by clicking on the right box:'. Below this instruction is a large white box with a dashed border. Inside this box, the word 'WHITE' is displayed in a small box at the top. Below it are two larger boxes with dashed borders, labeled 'CONTENT WORDS' and 'FUNCTION WORDS'. To the right of the main box is a small green box with white text that says 'ATTEMPTS: 0/4' and 'POINTS: 0/10'. At the bottom of the interface is a green bar with navigation icons: a left arrow, a speech bubble, a letter 'N', and a right arrow.

1.3: Connected speech:

Cando falamos inglés, non o podemos facer dun xeito illado senón a través dunha secuencia continua. Esta secuencia, en lingüística, chámase discurso conectado. Nesta sección facemos unha breve introdución aos diferentes procesos polo que os sons enlázanse, mestúranse, desaparecen ou mesmo cambian.

2.- THE /ʊ/SOUND:

Neste menú traballamos co son /ʊ/

2.1 Reference material:

2.1.1 Guide:

Guía explicativa para entender con que fonemas se acostuma a producir o son /ʊ/:

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/

Start ▾ The sounds of English ▾ The /ʊ/ sound ▾ The /u:/ sound ▾ Mixed-up sounds ▾ Minimal Pairs ▾ Game-Based Learning ▾

Some common words which practice the pronunciation of /ʊ/ include the following spelling:

1) "oo" in the following words:

Book: /bʊk/	Brook: /brʊk/	Cook: /kʊk/
Crook: /krʊk/	Foot: /fʊt/	Good: /gʊd/
Hood: /hʊd/	Hook: /hʊk/	Look: /lʊk/
Rook: /rʊk/	Rookie: /'rʊki/	Shook: /ʃʊk/
Soot: /sʊt/	Stood: /stʊd/	Took: /tʊk/
Wood: /wʊd/	Wool: /wʊl/	Whoops: /wʊps/

← N →

Este apartado é para o alumnado unha guía de estudo do son /ʊ/, e ao profesorado apórtalle unha serie de recursos para explicar as características deste son dende un ordenador, ben usando un proxector ou ben utilizando un tableiro dixital como apoio para a explicación. Cada palabra vai acompañada da correspondente transcripción fonética e dun altofalante que lle permite ao usuario escoitar a pronunciación correcta desa palabra.

2.2 Interactive Activities:

Paquete con catorce actividades para traballar co son /ʊ/:

The /ʊ/ sound
Phonetics

ACTIVITIES

1 2 3 4 5
6 7 8 9 10
11 12 13 14

Activity 5

Read the transcriptions and click on the letters to form the correct words. Then, press "?" to check your answers:

/rʊki/

L	U	O	H	O	U	U	T	L	K	O	P	T
T	U	W	H	P	E	H	H	A	O	S	C	E
N	R	M	O	R	K	B	O	U	A	I	S	I
C	K	O	O	E	H	N	D	L	O	C	C	L
W	Z	O	B									

ATTEMPTS: 0/5
POINTS: 0/10

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

← ■ → ×

PHONETICS: /u/ vs /u:/

O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades" (números na marxe superior esquerda), ben a través das frechas de "seguinte/anterior" (na parte inferior dereita). É importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de avaliación do traballo desenvolvido, "**auto avaliación**", pulsando sobre o botón gris da esquina superior esquerda.

Observe a imaxe inferior:

SCORE						3 / 5 / 2022
						13:27 h
Nº	Actividade	Execucións	Estado	intentos:	puntos:	
1	Activity 1	1	✓	0	7	
2	Activity 2	1	✓	1	9	
3	Activity 3	1	✓	1	9	
4	Activity 4	2	✓	0	10	
5	Activity 5	1	✓	1	9	
6	Activity 6	1	✓	1	10	
7	Activity 7	1	✓	0	10	
8	Activity 8	1	✓	4	10	
9	Activity 9	1	⚙	0	0	
10	Activity 10	0	⚙	0	0	
11	Activity 11	0	⚙	0	0	
12	Activity 12	0	⚙	0	0	
13	Activity 13	0	⚙	0	0	
14	Activity 14	0	⚙	0	0	
					8 / 14	74

Neste informe podemos ver que o/a alumno/a en cuestión rematou correctamente as 8 primeiras actividades; fixo un intento en todas elas agás no exercicio 4 que foi intentado en dúas ocasións e na actividade 8 precisou 4 intentos para resolver a actividade correctamente. Ao final podemos ver a puntuación total obtida.

Se pasamos o punteiro do rato por cada unha das execucións podemos tamén a hora de comezo e na que rematou dita actividade. Vostede como docente, pode solicitar que o alumnado faga unha captura de pantalla cos resultados e que lla envíe, ou ben pode crear o seu propio control de usuarios/as e usalo cos paquetes de actividades propostos. Dese xeito, sempre e cando as actividades estean aloxadas nun servidor web, vostede terá acceso en todo momento a ese informe. Na [páxina web de Ardora](#) ten máis información sobre o xestor de usuarios/as.


PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

2.3 Transcription:

Esta actividade individual ábrese no centro do espazo web. O alumnado ten un link a unha páxina externa que lle permite usando unha táboa fonética (1) e transcribir calquera palabra. <http://www.e-lang.co.uk/mackichan/call/pron/type.html>

A continuación, o alumnado debe premer no botón “web” (2) e cando teña a transcripción rematada, premerá nun novo botón, “Ready”, (3) que lle permitirá obter un código (4).

Fíxese na seguinte imaxe:



Ao abrirse a ventá co código, o usuario debe copialo e pegalo no campo correspondente da actividade:

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/

Start ▾ The sounds of English ▾ The /ʊ/ sound ▾ The /u:/ sound ▾ Mixed-up sounds ▾ Minimal Pairs ▾ Game-Based Learning ▾

Use this [script typewriter](#). Then, use their online keyboard to write the phonetic transcription of the words below and follow the instructions on the web. When you get the code, paste it on the suitable box:

1.- Bush: /bʊʃ/
2.- Butcher:
3.- Whoops:
4.- Sugar:
5.- Wolf:

ATTEMPTS: 1/5
POINTS: -2/10

Fíxese como no exemplo, está posto o código correspondente a “**Butcher**”. Se premésemos na interrogación para comprobar a solución, ese código converterase en transcripción fonética tal e como podemos ver na opción “**Bush**”.

3.- THE /u:/ SOUND:

Neste menú traballamos co son /u:/.

3.1 Reference Material

3.1.1 Guide:

Guía explicativa para entender con que fonemas se acostuma a producir o son /u:/:

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/

Start | The sounds of English | The /u/ sound | The /u/ sound | Mixed-up sounds | Minimal Pairs | Game-Based Learning

Some common words which practice the pronunciation of /u:/ include the following spelling:

1) "oo" in most words. For example:

Bamboo: /ˌbæmˈbuː/	Boot: /bu:t/	Broom: /bru:m/	Cameroon: /ˌkæməˈruːn/	Choose: /tʃuːz/
Cool: /cu:l/	Cuckoo: /ˈkukuː/	Food: /fu:d/	Fool: /fu:l/	Igloo: /ˈɪgluː/
Kangaroo: /ˌkæŋgəˈruː/	Liverpool: /ˈlɪvəpuːl/	Loose: /lu:s/	Loop: /lu:p/	Moo: /muː/
Moon: /mu:n/	Pool: /pu:l/	Proof: /pru:f/	Room: /ru:m/	Root: /ru:t/
School: /sku:l/	Shampoo: /ʃæmˈpuː/	Shoo: /ʃuː/	Shoot: /ʃu:t/	Soon: /su:n/
Spoon: /spu:n/	Stool: /stu:l/	Taboo: /təˈbuː/	Tattoo: /təˈtuː/	Tool: /tu:l/
Tooth: /tu:θ/	Troop: /tru:p/	Voodoo: /ˈvʊːduː/	Waterloo: /ˌwɔːtəˈluː/	Zoo: /zuː/

Este apartado é para o alumnado unha guía de estudo do son /u:/, e ao profesorado apórtalle unha serie de recursos para explicar as características deste son dende un ordenador, ben usando un proxector ou ben utilizando un tableiro dixital como apoio para a explicación. Cada palabra vai acompañada da correspondente transcripción fonética e dun altofalante que lle permite ao estudante escoitar a pronunciación correcta desa palabra.

3.2 Interactive Activities:

Paquete con catorce actividades para traballar co son /u:/:

The /u:/ sound
Phonetics

ACTIVITIES

1 2 3 4 5
6 7 8 9 10
11 12 13 14

Activity 6

Search the written form of these words. Check the transcriptions:

O C Q I W W R P L B A	TRANSCRIPTIONS	TIME:
D E D G O C F C B W V	<input type="checkbox"/> /muːv/	176
A P M L U Z D D H S K	<input type="checkbox"/> /pruːv/	
I V L O N T Z A O B C	<input type="checkbox"/> /suːp/	
N W W O D Q X W I O M	<input type="checkbox"/> /pəˈruː/	
V S J P E Q P S I K O	<input type="checkbox"/> /dʒuːs/	
S M J R Q S E G X F V	<input type="checkbox"/> /wuːnd/	
O T U O Z G R W Z K I	<input type="checkbox"/> /ɪgluː/	
U G I V I R U O W X E	<input type="checkbox"/> /gruː/	
P S C E F E F W M K G		
H D E Q O W C G X S R		


Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

3.3 Transcription:

Esta actividade individual ábrese no centro do espazo web. O alumnado ten un link a unha páxina externa que lle permite usando unha táboa fonética, transcribir calquer palabra. <http://www.e-lang.co.uk/mackichan/call/pron/type.html>

O alumnado debe premer no botón “web” e cando teña a transcripción rematada, premerá nun novo botón, “Ready”, que lle permitirá obter un código. Fíxese na imaxe inferior:



Ao abrirese a ventá co código, o usuario debe copialo e pegalo no campo correspondente da actividade:

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/

Start ▾ The sounds of English ▾ The /ʊ/ sound ▾ The /u:/ sound ▾ Mixed-up sounds ▾ Minimal Pairs ▾ Game-Based Learning ▾

Use this [script typewriter](#). Then, use their online keyboard to write the phonetic transcription of the words below and follow the instructions on the web. When you get the code, paste it on the suitable box:

1.- Bush: /bʊʃ/

2.- Butcher:

3.- Whoops:

4.- Sugar:

5.- Wolf:

ATTEMPTS: 1/5
POINTS: -2/10

?

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

Fíxese como no exemplo, está posto o código correspondente a “**Suitable**”. Se premésemos na interrogación para comprobar a solución, ese código se converterá en transcripción fonética tal e como podemos ver na opción “**Flu**”.

4.- MIXED-UP SOUNDS

4.1.- Odd one out.

Premendo neste enlace ábrese unha actividade no espazo central, onde o alumnado debe premer no botón “odd one out” e logo premer na palabra de cada liña que se pronuncie cun son diferente ás demais:

The screenshot shows a web interface for a phonetics activity. At the top, there is a green header with the title 'PHONETICS /ʊ/ vs /u:/' and a navigation menu with options like 'Start', 'The sounds of English', 'The /ʊ/ sound', 'The /u:/ sound', 'Mixed-up sounds', 'Minimal Pairs', and 'Game-Based Learning'. Below the header, there is a text box that reads: 'There's a word in each line containing a different sound. Click on the "odd one out" button and then on the odd words.' To the left of this text box is a list of five lines of words, each with one word highlighted in green: 1.- Wood Took Rook **Shoot** Wool; 2.- **Shook** Zoo Broom Loop Loose; 3.- Flu Include **Shut** Rude Rule; 4.- Cushion **June** Push Bull Fulfil; 5.- Tomb **Wolf** Womb Lose Prove. Below the list is a green button labeled 'ODD ONE OUT'. To the right of the list is a small box with 'ATTEMPTS: 0/3' and 'POINTS: 0/10'. At the bottom right of the activity area is a green button with a white question mark.

4.2.- Interactive activities.

Dez actividades diferentes para traballar a diferenza entre os dous sons da unidade:

The screenshot shows a web interface for an interactive activity. At the top, there is a green header with the title '/ʊ/ and /u:/ sounds' and the word 'Phonetics' in the top left corner. Below the header, there is a sidebar with 'ACTIVITIES' and a list of numbers from 1 to 10. The main content area is titled 'Activity 3' and contains the instruction: 'Classify the following words according to the sound:'. Below the instruction is a large box with a dashed border containing the word 'Stool' at the top and two empty dashed boxes below it, one labeled '/ʊ/' and the other labeled '/u:/' for classification. To the right of the classification box is a small box with 'ATTEMPTS: 0/4' and 'POINTS: 0/10'. At the bottom of the page, there is a footer that reads 'Created by Mónica Montero & Bautista Ramos' and a set of navigation icons (back, forward, search, close).

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

4.3.-Transcription.

Tal e como vimos nos anteriores apartados, o alumnado debe premer na ligazón co script typewriter, teclear a transcripción fonética da palabra e logo copiar o código na actividade:

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/

Start | The sounds of English | The /ʊ/ sound | The /u:/ sound | Mixed-up sounds | Minimal Pairs | Game-Based Learning

Use this [script typewriter](#). Then, use their online keyboard to write the phonetic transcription of the words below and follow the instructions on the web. When you get the code, paste it on the suitable box:

- 1.- Full: /fʊl/
- 2.- Conclusion: /kən'klu:ʒn/
- 3.- Truth: /tru:θ/
- 4.- Hook: /hʊk/
- 5.- Chute:

ATTEMPTS: 1/5
POINTS: 7/10

?

4.4 Quiz.

Para rematar con este apartado o alumnado responde a este test de elección múltiple onde se ofrecen unha serie de palabras e o alumnado debe distinguir con que son se usarían:

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/

Start | The sounds of English | The /ʊ/ sound | The /u:/ sound | Mixed-up sounds | Minimal Pairs | Game-Based Learning

Try this quiz:

4.- The word "Shook" is pronounced with this sound:

/ʊ/
 /u:/

ATTEMPTS: 0/4
POINTS: 3/10

?

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

5.- Minimal Pairs:

Dende este apartado trabállanse con pares de palabras que se distinguen foneticamente por un único son. Neste caso traballamos os pares que se diferencian unicamente polos sons /ʊ/ vs /u:/:

5.1- Reference Material:

5.1.1 Minimal Pairs:

Nesta guía poden consultar os diferentes minimal pairs relacionados cos sons /ʊ/ e /u:/: que traballaremos nesta unidade.

PHONETICS /ʊ/ vs /u:/			
Start ▾ The sounds of English ▾ The /ʊ/ sound ▾ The /u:/ sound ▾ Mixed-up sounds ▾ Minimal Pairs ▾ Game-Based Learning ▾			
MINIMAL PAIRS:			
Bull: /bʊl/	Buhl: /bu:l/	Cook: /kʊk/	Kook: /ku:k/
Could: /kʊd/	Cooed: /ku:d/	Full: /fʊl/	Fool: /fu:l/
Hood: /hʊd/	Who'd: /hu:d/	Look: /lʊk/	Luke: /lu:k/
Looker: /'lʊkə/	Lucre: /'lu:kə/	Pull: /pʊl/	Pool: /pu:l/
Pulled: /pʊld/	Pooled: /pu:ld/	Pulling: /'pʊlɪŋ/	Pooling: /'pu:lɪŋ/
Pulls: /pʊlz/	Pools: /pu:lz/	Should: /ʃʊd/	Shoed: /ʃu:d/
Soot: /su:t/	Suit: /su:t/	Wood/Would: /wʊd/	Wooded: /wu:d/

5.2.- Interactive activities:

Oito actividades interactivas diferentes para traballar cos pares mínimos correspondentes aos sons /ʊ/ vs /u:/:

Minimal Pairs

Phonetics

LINK
DICTIONARY
ACTIVITIES

1 2 3 4 5
6 7 8

Activity 4

Drag and drop these transcriptions next to the correct place:

1.- Soot: 2.- Suit:

3.- Look: 4.- Luke:

5.- Hood: 6.- Who'd:

7.- Pulls: 8.- Pools:

9.- Wood: 10.- Wooded:

/wʊd/
/pʊlz/
/hʊd/
/pu:lz/
/wu:d/
/hu:d/
/su:t/
/su:t/
/lu:k/
/lʊk/

ATTEMPTS: 0/5
POINTS: 0/10

?

Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/

5.3 Listening Activities:

Oito actividades interactivas para traballar a destreza de comprensión oral traballando cos pares mínimos:

The screenshot shows a web interface for a phonetics activity. The title is "Minimal Pairs - Listening Activities" with a sub-header "Phonetics". On the left, there is a list of activities numbered 1 to 8. The main area is titled "Activity 5" and contains the instruction "Read the phonetic transcriptions and type the words:". Below this instruction, there is a speaker icon and a set of four empty boxes for typing. A keyboard layout is displayed below the boxes, with letters A through Z in individual boxes. On the right side, there are two small boxes: "ATTEMPTS: 0/5" and "POINTS: 0/10". At the bottom left, it says "Created by Mónica Montero & Bautista Ramos". At the bottom right, there are navigation icons: a left arrow, a black square, a right arrow, and a close 'X' icon.

5.4.- Transcription.

Como xa vimos noutros apartados, o alumnado debe premer no enlace que o leva a unha páxina que permite xerar código para transcripción fonética (lembre que hai que teclear a transcripción, premer en “Web”, logo en “Ready” e copiar o código:

The screenshot shows a web interface for a phonetic transcription activity. The title is "PHONETICS /ʊ/ vs /u:/". Below the title, there is a navigation menu with options: "Start", "The sounds of English", "The /ʊ/ sound", "The /u:/ sound", "Mixed-up sounds", "Minimal Pairs", and "Game-Based Learning". The main instruction is "Use this [script typewriter](#). Then, use their online keyboard to write the phonetic transcription of the words below and follow the instructions on the web. When you get the code, paste it on the suitable box:". Below the instruction, there are five numbered items with phonetic transcriptions and input boxes:

- 1.- Full: /fʊl/
- 2.- Fool: /fu:l/
- 3.- Pulled: [input box]
- 4.- Pooled: [input box]
- 5.- Wood: [input box]

On the right side, there are two small boxes: "ATTEMPTS: 1/5" and "POINTS: 1/10". At the bottom right, there is a green box with a question mark.

PHONETICS: /ʊ/ vs /u:/'


5.5.- Speaking

Solicítase que o alumnado grave unha serie de palabras agrupadas en pares mínimos.

6.- Game-Based Learning:

6.1 Digital Breakout:

Xogo interactivo para traballar dun xeito máis lúdico o visto durante a unidade:



31 de Maio de 2022